

→ PRODUTIVOS

1. Solicitude da axuda (**anexo II**).
2. Documentación acreditativa da personalidade do solicitante: DNI, CIF, escritura de constitución e estatutos (ou no seu caso certificado expedido por rexistro público). Así mesmo deberán presentar DNI dos socios para poder baremar á empresa promotora (caso de tratarse dunha sociedade).
3. Declaración censal tributaria (**modelo 036**) ou compromiso de comunicar o inicio de actividade económica á AEAT (cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial).
4. Cumprimento do requisito de pequena empresa: últimas contas depositadas e memoria anual de actividades. No caso de persoas físicas, última declaración da renda. Deberán achegarse tamén as contas das empresas nas que haxa unha participación igual ou superior ao 25%, por parte do promotor do proxecto ou por algún socio membro (empresa ou persoa física) que participe en máis do 25% do capital social da empresa promotora.
5. Informe de vida laboral (código de cotización da empresa e autónomos), informe do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta. Dun ano natural ata a data de solicitude da axuda.
6. Resumo do proxecto e plan de empresa (**anexo III**). E se hai un plan de viabilidade do proxecto máis extenso, presentalo como documentación complementaria.
7. No caso de acudir a financiamento alleo, informe da entidade de aprobación da operación crediticia necesaria para o financiamento do proxecto. **NON SERVIRÁ INFORME DE ESTAR A OPERACIÓN EN ESTUDIO.**
8. Orzamento desagregado por conceptos e partidas (**anexo V**).
9. Relación de ofertas solicitadas (anexo VI a), declaración sobre ofertas presentadas (anexo VI b), e facturas proforma (3 para cada concepto de gasto).
10. Certificado bancario da titularidade da conta.
11. Plano do sixpac e coordenadas.
12. Outra documentación (se fora o caso):
 - a. Anteprojecto ou memoria valorada (caso de obra civil).
 - b. Licenza de actividade ou acreditación de presentación de comunicación previa e, de ser o caso, acreditación das inscricións nos rexistros sectoriais correspondentes segundo a actividade desenvolvida (en empresas existentes).
 - c. Documentación de non suxección ou exención do IVE (de ser o caso).
 - d. Código de explotación agraria ou rexistro da explotación (investimentos en explotacións agrarias).
 - e. Acreditación do grao de parentesco e certificado de empadramento (diversificación cara actividades non agrarias).
 - f. Documentación acreditativa de pertencer a colectivos desfavorecidos (parados de longa duración, discapacidade superior ao 33%, inmigrante ou emigrante retornado,...; de ser o caso, para telo en conta na baremación do proxecto).
 - g. Informe do IAE do concello ou entidade competente da inexistencia da actividade prevista no núcleo onde se vai facer o proxecto; ou se xa hai algunha empresa, de cantas hai nese núcleo. (A efectos da baremación do proxecto).
 - h. Informe do IAE do concello ou entidade competente da inexistencia da actividade prevista no concello. (A efectos da baremación do proxecto).